

Probas de acceso

Preguntas frecuentes sobre o acceso a 1º GE e 1º GP



Índice

1. Acceso a 1º GE.....	5
1.1 ¿A partir de que idade podo facer a proba para entrar ao CMUS Profesional de Vigo?.....	5
1.2 ¿Cal é a idade máxima coa que podo facer a proba?.....	5
1.3 ¿Podo facer esta proba se non teño coñecementos musicais?	5
1.4 ¿Que día será a proba?.....	5
1.5 ¿Cando teño que matricularme?.....	5
1.6 ¿Que debo facer para matricularme?	5
1.7 ¿Pode matricularme outra persoa aínda que non vaia eu?.....	6
1.8 Cando me matriculo na proba, ¿xa teño que apuntar que instrumento vou querer estudar se a supero?.....	6
1.9 Se ese día non podo asistir á proba, ¿podo facela outro día?	6
1.10 ¿Que pasa se chego tarde á proba?	6
1.11 ¿Que teño que levar?	6
1.12 ¿Que me van preguntar na proba?.....	6
1.13 ¿Vou ter que tocar un instrumento na proba?.....	7
1.14 ¿A proba vai ser todo o tempo no mesmo lugar?	7
1.15 ¿Teño que ir eu só/soa dun lado para outro?	7
1.16 ¿A miña familia pode esperarme para acompañarme entre a primeira parte da proba e a segunda?.....	7
1.17 ¿Que nota teño que sacar para aprobar?	7
1.18 Se aprobo, ¿significa que teño praza no instrumento que solicitei e que polo tanto vou comezar os meus estudos no Conservatorio Profesional? ..	7
1.19 Se non hai praza no instrumento que eu quería pero quedou algunha baleira noutro instrumento, ¿podo collela eu?	7
1.20 Como non puiden escoller o instrumento que quería, matriculeime noutro pero agora, xa a comezo de curso, de pronto hai unha praza libre do instrumento que eu quería ao principio de todo ¿podo cambiarme?.....	8



1.21	Como non puiden coller o instrumento que quería matriculeime noutro ¿podo presentarme o ano próximo á proba outra vez para tentalo de novo? 8	8
1.22	E se, cando paso a 2º, queda unha praza libre do instrumento que eu quería ao principio cando fixen a proba o ano pasado, ¿podo cambiarme? 8	8
1.23	Aprobei, pero non puiden coller o instrumento que quería ¿podo renunciar a estudar este ano e volver intentalo o ano que ven?	8
1.24	Se aprobado e collín praza, ¿cando teño que matricularme?	8
1.25	¿Que materias terei o curso que ven?	8
1.26	Entón ¿cantas horas de clase á semana terei?	9
1.27	¿Vou estar con máis nenos e nenas nas clases?	9
1.28	¿Como se distribúen as clases na semana?	9
1.29	¿Cando se escollen os horarios?.....	9
1.30	¿Como é a orde de escolla?	9
1.31	Se non supero a proba ¿podo facela o próximo ano outra vez?	10
2.	Acceso a 1º GP.....	11
2.1	¿Podo facer estas probas se non teño coñecementos musicais?	11
2.2	¿Podo realizar estas probas aínda que non teña rematado o Grao Elemental?	11
2.3	¿Cal é a idade mínima/máxima coa que me podo presentar a esta proba?	11
2.4	¿Que días serán as probas?	11
2.5	¿Cando teño que matricularme?.....	11
2.6	¿Que debo facer para matricularme?	11
2.7	¿Pode matricularme outra persoa sen que vaia eu?.....	12
2.8	¿Terei a proba de Linguaxe Musical e a de Instrumento o mesmo día? ...	12
2.9	Se eses días non podo asistir ás probas, ¿podo facelas outro día?	12
2.10	¿Que pasa se chego tarde?	12
2.11	¿Que teño que levar?	12
2.12	¿Que contidos entran?	13
2.13	¿Teño que levar partituras orixinais ou vale con levar fotocopias?	13



2.14	¿Teño que tocar obrigatoriamente con pianista acompañante?.....	13
2.15	¿Como contacto cun/cunha pianista acompañante?.....	13
2.16	¿Como o solicito no Centro?	13
2.17	¿Canto custa que me acompañe un/unha pianista do Centro?.....	13
2.18	¿Podo escoller que pianista do Centro en concreto quero que me acompañe?.....	13
2.19	¿Os/as pianistas do Centro poden rexeitar acompañarme?	13
2.20	¿Onde podo consultar esa lista?	14
2.21	¿Como lle comunico ao/á pianista que me asignaron as obras que imos tocar? 14	
2.22	¿Poderei ensaiar con ese/esa pianista?	14
2.23	¿Como sei que día será ese ensaio?	14
2.24	¿Como me apunto para ese ensaio?.....	14
2.25	¿Pode vir a ese ensaio a miña familia ou o meu profesor/a?.....	14
2.26	¿Canto vai durar ese ensaio?.....	14
2.27	¿Se faltou a ese ensaio, podo tocar igual co pianista o día da proba?	15
2.28	¿Onde podo consultar máis información sobre este servizo?	15
2.29	¿Que nota teño que sacar para aprobar?	15
2.30	¿A miña nota final é a media resultante da nota que saquei en Instrumento mais a que saquei en Linguaxe Musical?	15
2.31	Se aprobo, ¿significa que teño praza e que polo tanto vou comezar os meus estudos no CmusVigo?	15
2.32	Se aprobo pero non obteño praza, ¿hai algunha posibilidade de que máis adiante a teña?.....	15
2.33	¿Cando teño que matricularme en 1ºGP?	16
2.34	¿Que materias e horas de clase terei o curso que ven?	16
2.35	¿Cando se escollen os horarios?.....	16
2.36	¿Que orde se segue para a escolla de horarios?	16
2.37	¿Podo facer a proba o próximo ano?.....	16
2.38	¿Onde podo consultar máis información sobre a Proba de acceso a 1º GP?	



1. Acceso a 1º GE

Información para os nenos e nenas que queren facer a proba de acceso ao Conservatorio Profesional de Música de Vigo (ao 1º curso de Grao Elemental)

1.1 ¿A partir de que idade podo facer a proba para entrar ao CMUS Profesional de Vigo?

A idade mínima coa que podes facer a proba son 7 anos, pero sempre que cumpras 8 antes de que remate o ano natural (ou sexa, que tes que cumprir 8 anos antes de que remate o mes de decembro do ano no que fas a proba).

1.2 ¿Cal é a idade máxima coa que podo facer a proba?

A idade máxima coa que te podes presentar son 14 anos sempre que non cumpras 15 antes de que remate o ano natural (ou sexa, que non podes cumprir os 15 antes de que remate o mes de decembro do ano no que te presentas á proba).

1.3 ¿Podo facer esta proba se non teño coñecementos musicais?

Si. Esta proba é de aptitudes, non de coñecementos.

1.4 ¿Que día será a proba?

O calendario das probas publícase na páxina web a partir do mes de abril de cada curso académico.

1.5 ¿Cando teño que matricularme?

O calendario das datas de matrícula publícase na páxina web a partir do mes de abril de cada curso académico.

1.6 ¿Que debo facer para matricularme?

Debo:

1º. Acudir ao Conservatorio Profesional e pedir os impresos de matrícula (son gratuítos) na Conserxería (son as xanelas da esquerda que hai na entrada do



Centro).

2º. Cubrir os impresos e entregalos xunto ao DNI ou documento que acredite identidade (pasaporte, libro de familia, etc) na Secretaría do Centro (as xanelas que están fronte á porta).

Moi importante: Tes que gardar moi ben o resgardo que che darán de ter feito a matrícula porque o vas ter que entregar o día da proba. Se non o presentas ese día non poderás acceder á proba.

1.7 ¿Pode matricularme outra persoa aínda que non vaia eu?

Si, sempre que traia toda a documentación requirida.

1.8 Cando me matriculo na proba, ¿xa teño que apuntar que instrumento vou querer estudar se a supero?

Si. Un único instrumento.

1.9 Se ese día non podo asistir á proba, ¿podo facela outro día?

Non. Estas probas teñen carácter oficial e non se contemplan excepcións que posibiliten un cambio de data.

1.10 ¿Que pasa se chego tarde á proba?

Se chegas tarde non poderás realizar a proba.

Nota: recomendamos acudir co tempo suficiente xa que no entorno do Conservatorio non é doado aparcar.

1.11 ¿Que teño que levar?

Tes que traer o resgardo de matrícula e o DNI ou, se aínda non tes, outro documento acreditativo da túa identidade e idade (pasaporte ou libro de familia).

Nota importante: se esqueces algunha destas dúas cousas non poderás acceder á proba. Tamén tes que traer bolígrafo, lapis e goma.

1.12 ¿Que me van preguntar na proba?

Podes consultar na páxina web os contidos da proba, e tamén exemplos para practicar. Así mesmo, atoparás vídeos onde podes ver e escoitar os distintos



instrumentos aos que podes optar. Para acceder a esta información preme na sección *Estudos* e despois en *Probas de Acceso a 1º de GE*.

1.13 ¿Vou ter que tocar un instrumento na proba?

Non.

1.14 ¿A proba vai ser todo o tempo no mesmo lugar?

Non. A primeira parte será na planta baixa (no Auditorio) e a segunda parte no primeiro ou no segundo andar (nunha aula).

1.15 ¿Teño que ir eu só/soa dun lado para outro?

Non. Sempre vai haber profesores e profesoras que te van axudar en todo: acompañante á aula que corresponda, e explicaránche todas as dúbidas que teñas.

1.16 ¿A miña familia pode esperarme para acompañarme entre a primeira parte da proba e a segunda?

Non. A túa familia estará contigo ata que entres á proba, e te recollerá ao final de todo, cando remates.

1.17 ¿Que nota teño que sacar para aprobar?

Tes que sacar un 5 como mínimo. Se queres saber máis sobre como se cualifica a proba consulta a páxina web (na sección *Estudos* e despois *Probas de acceso*).

SE APROBO:

1.18 Se aprobo, ¿significa que teño praza no instrumento que solicitei e que polo tanto vou comezar os meus estudos no Conservatorio Profesional?

Non. Podes aprobar e non ter praza se outros nenos e nenas colleron todas as prazas dispoñibles tendo acadado unha puntuación máis alta.

1.19 Se non hai praza no instrumento que eu quería pero quedou algunha baleira noutro instrumento, ¿podo collela eu?



Se aprobas, e non hai sitio para o instrumento que querías, quedas nunha lista de espera. Cando se coñeza que instrumentos quedaron con prazas baleiras convocarante para ofrecerchos, e se algún che gusta o podes escoller. Se te decantas por esta opción, significa que renuncias a quedar na lista de espera do instrumento que era a túa primeira opción.

1.20 Como non puiden escoller o instrumento que quería, matriculeime noutro pero agora, xa a comezo de curso, de pronto hai unha praza libre do instrumento que eu quería ao principio de todo ¿podo cambiarme?

Non. Porque aceptar o novo instrumento implica que renuncias a seguir na lista de espera do primeiro.

1.21 Como non puiden coller o instrumento que quería matriculeime noutro ¿podo presentarme o ano próximo á proba outra vez para tentalo de novo?

Non. Unha vez cursado 1º de GE xa non podes presentarte de novo á proba de acceso a 1ºGE, aínda que sexa para outro instrumento.

1.22 E se, cando paso a 2º, queda unha praza libre do instrumento que eu quería ao principio cando fixen a proba o ano pasado, ¿podo cambiarme?

Non.

1.23 Aprobei, pero non puiden coller o instrumento que quería ¿podo renunciar a estudar este ano e volver intentalo o ano que ven?

Sí. Esta proba podes realizala en dúas convocatorias e ademais, se aprobas, non computaría como convocatoria gastada.

1.24 Se aprobei e collín praza, ¿cando teño que matricularme?

O calendario de matrícula se publica na páxina web a partir do mes de abril de cada curso académico.

1.25 ¿Que materias terei o curso que ven?

Terás tres: Instrumento, Linguaxe Musical, e Educación Auditiva e Vogal.



1.26 Entón ¿cantas horas de clase á semana terei?

Terás 4h de clase á semana: 1h de instrumento + 2h de Linguaxe Musical + 1h de Educación Auditiva e Vogal.

1.27 ¿Vou estar con máis nenos e nenas nas clases?

Nas de Linguaxe Musical (LM) e nas de Educación Auditiva e Vogal (EAV) si. As clases de Instrumento son individuais.

1.28 ¿Como se distribúen as clases na semana?

As de grupo (LM e EAV) van seguidas unha da outra, e ademais as imparte o mesmo profesor/a. Se reparten en dous días. A de instrumento vai aparte, e a imparte outro profesor/a distinto/a (que ademais será o teu titor/a).

Un exemplo de como podería ser o teu horario:

Horas de LM á semana = 2h. Luns e xoves de 18h a 19h.

Horas de EAV á semana = 1h Luns e xoves de 19h a 19:30h.

Horas de Instrumento á semana = 1h Xoves de 17h a 18h.

Polo tanto, neste exemplo, virías ao Conservatorio os luns de 18h a 19:30h e os xoves de 17h a 19:30h.

1.29 ¿Cando se escollen os horarios?

Ao principio de curso.

1.30 ¿Como é a orde de escolla?

Por nota e, se empatas con outro alumno/a, por data de nacemento (de primeiro o máis novo/a).

SE NON APROBO:



1.31 Se non supero a proba ¿podo facela o próximo ano outra vez?

Podes presentarte a esta proba en dúas convocatorias. Se aprobas non computaría como convocatoria gastada.



2. Acceso a 1º GP

Información para os rapaces e rapazas que queren facer a proba de acceso a 1ºGP

2.1 ¿Podo facer estas probas se non teño coñecementos musicais?

Non. Tes que ter coñecementos de Instrumento e de Linguaxe Musical.

2.2 ¿Podo realizar estas probas aínda que non teña rematado o Grao Elemental?

Si. Para presentarte non tes por que ter rematados, ou aprobados, os estudos de Grao Elemental.

2.3 ¿Cal é a idade mínima/máxima coa que me podo presentar a esta proba?

Non hai idade nin mínima nin máxima.

2.4 ¿Que días serán as probas?

O calendario das probas publícase na páxina web a partir do mes de abril de cada curso académico.

2.5 ¿Cando teño que matricularme?

O calendario de matrícula publícase na páxina web a partir do mes de abril de cada curso académico.

2.6 ¿Que debo facer para matricularme?

1º. Acudir ao Conservatorio Profesional e dirixirme á Conserxería (son as xanelas da esquerda que hai na entrada do Centro).

2º. Pedir os impresos de matrícula (son gratuítos).

3º. Cubrir os impresos.

4º. Ir a unha oficina dunha entidade bancaria colaboradora da Consellería a pagar as taxas.

5º. Volver ao Conservatorio e entregar en Administración (as xanelas que hai



fronte á porta de entrada), só en horario de mañá, tanto o xustificante que che deron na oficina bancaria de ter pagado as taxas, como os impresos que cubriches e unha copia do DNI, ou documento que acredite identidade (como por exemplo pasaporte, libro de familia...).

Moi importante: Tes que gardar moi ben o resguardo que che darán de ter feito a matrícula porque o vas ter que entregar o día da proba. Se non o levas non poderás acceder á proba.

2.7 ¿Pode matricularme outra persoa sen que vaia eu?

Si, sempre que traia a documentación requirida.

OS DÍAS DAS PROBAS:

2.8 ¿Terei a proba de Linguaxe Musical e a de Instrumento o mesmo día?

Non. Nunha data terás a de Instrumento e noutra a de Linguaxe Musical.

2.9 Se eses días non podo asistir ás probas, ¿podo facelas outro día?

Non. Estas probas teñen carácter oficial e non se contemplan excepcións que posibiliten un cambio de data.

2.10 ¿Que pasa se chego tarde?

Se chegas tarde non poderás realizar a proba.

Nota: recomendamos acudir co tempo suficiente xa que no entorno do Conservatorio non é doado aparcar.

Proba de Linguaxe Musical:

2.11 ¿Que teño que levar?

Tes que traer o resguardo de matrícula e o DNI, ou se aínda non tes, outro documento acreditativo da túa identidade e idade (pasaporte ou libro de familia).

Nota: Se esqueces algunha destas dúas cousas non poderás acceder á proba. Ademais tes que traer: lapis, goma de borrar, bolígrafo azul ou negro, diapasón e un reloxo (para calcular o tempo de estudo).



2.12 ¿Que contidos entran?

Podes consultar esta información na páxina web premendo na sección *Estudos* e despois en *Probas de acceso*.

Proba de Instrumento:

2.13 ¿Teño que levar partituras orixinais ou vale con levar fotocopias?

Tes que presentar partituras orixinais.

2.14 ¿Teño que tocar obrigatoriamente con pianista acompañante?

Se as túas obras teñen parte de acompañamento de piano, si. Se tocas obras que foron compostas para o teu instrumento só, non.

2.15 ¿Como contacto cun/cunha pianista acompañante?

Podes buscalo ti pola túa conta ou solicitar que te acompañe un/unha pianista do Centro.

2.16 ¿Como o solicito no Centro?

O día que te matriculas entregaranche un formulario onde terás que marcar se solicitas, ou non, este servizo.

2.17 ¿Canto custa que me acompañe un/unha pianista do Centro?

Nada. Somos traballadores da administración pública e polo tanto este servizo é gratuíto.

2.18 ¿Podo escoller que pianista do Centro en concreto quero que me acompañe?

Non.

2.19 ¿Os/as pianistas do Centro poden rexeitar acompañarme?



Se as obras que tocas non están entre as que figuran no listado de obras tipificado polos pianistas, estes son consultados a este respecto. Poderían rexeitar acompañarte ou poderían aceptar acompañarte de todas formas. No caso de que o rexeiten avisámoste á maior brevidade para que poidas buscar outro/a pianista pola túa conta.

2.20 ¿Onde podo consultar esa lista?

Esta lista podes consultala na páxina web premendo en *Estudos*, despois en *Probas de acceso*, e despois en *Normativa do servizo de pianista acompañante*.

2.21 ¿Como lle comunico ao/á pianista que me asignaron as obras que imos tocar?

O día que te matricules, no formulario, preguntaranche que obras vas tocar. Tes que apuntar os títulos, os compositores, as tonalidades e ademáis deixar unha fotocopia das partes de piano de cada unha das obras (a parte que tocas ti non a tes que deixar).

2.22 ¿Poderei ensaiar con ese/esa pianista?

Si. Terás media hora de ensaio con el/ela. Ese ensaio será nos días previos á proba.

2.23 ¿Como sei que día será ese ensaio?

Sairá publicado na páxina web uns días despois de que teña rematado á matrícula.

2.24 ¿Como me apunto para ese ensaio?

Tes que vir ao Conservatorio Profesional e apuntarte na Conserxería (os días para apuntarse tamén saen publicados na páxina web).

2.25 ¿Pode vir a ese ensaio a miña familia ou o meu profesor/a?

Non. Nese ensaio só estarás ti e mais o pianista acompañante.

2.26 ¿Canto vai durar ese ensaio?

Dura 30 minutos, pero na media hora anterior proporcionarámosche un lugar



para que montes o instrumento ou para que te prepares con calma.

2.27 ¿Se falta a ese ensaio, podo tocar igual co pianista o día da proba?

Non. Se faltas ao ensaio enténdese que renuncias a este servizo.

2.28 ¿Onde podo consultar máis información sobre este servizo?

Podes consultar toda a información detallada na páxina web premendo en *Estudos*, despois en *Probas de acceso*, e despois en *Normativa do servizo de pianista acompañante*.

2.29 ¿Que nota teño que sacar para aprobar?

Tes que sacar un 5 como mínimo na proba de Instrumento e outro 5 na proba de Linguaxe Musical. Podes consultar máis información sobre a puntuación na páxina web.

2.30 ¿A miña nota final é a media resultante da nota que saquei en Instrumento mais a que saquei en Linguaxe Musical?

Non, a puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida na proba de Instrumento, que vale un 70%, e a de Linguaxe Musical, que vale un 30%.

SE APROBO:

2.31 Se aprobo, ¿significa que teño praza e que polo tanto vou comezar os meus estudos no CmusVigo?

Non. Podes aprobar e non ter praza se os demais aspirantes sacaron mellor nota ca ti e encheron todas as prazas dispoñibles.

2.32 Se aprobo pero non obteño praza, ¿hai algunha posibilidade de que máis adiante a teña?



Si. Se alguén dos que obtiveron praza non se matricula ou se da de baixa, chamáremoste para avisarche de que tes unha praza dispoñible.

2.33 ¿Cando teño que matricularme en 1ºGP?

Podes consultar o calendario de matrícula na páxina web, que se publica a partir do mes de abril de cada curso académico.

2.34 ¿Que materias e horas de clase terei o curso que ven?

Podes consultar esta información na páxina web na sección *Estudos*, e despois en *Plano de estudos*.

2.35 ¿Cando se escollen os horarios?

A elección de horarios ten lugar ao principio de curso.

2.36 ¿Que orde se segue para a escolla de horarios?

Por nota da proba de acceso.

SE NON APROBO:

2.37 ¿Podo facer a proba o próximo ano?

Si. Esta proba podes realizala en dúas convocatorias e ademais se aprobas non computa como convocatoria gastada.

2.38 ¿Onde podo consultar máis información sobre a Proba de acceso a 1º GP?

Na páxina web, na sección *Estudos* e, dentro desta, en *Probas de acceso*.